

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DOS INMOBLES ECLESIASTICOS INCLUÍDOS NO ANEXO DE INTERVENCIÓNS.

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

A Igrexa Católica e á titular do seu patrimonio histórico, artístico e documental, que se pon a servizo da sociedade, titularidade que, a teor da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto da lexislación aplicable, a Xunta de Galicia reconece, así como a súa natureza e finalidade relixiosa e o seu uso relixioso que se desenvolve de forma compatible coa función cultural que posúe o devandito patrimonio.

O 27.03.2025 a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela asinaron un convenio de colaboración para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos incluídos no anexo ao dito convenio.

O 16 de xuño de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Diocese de Santiago de Compostela asinaron unha primeira addenda ao convenio para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e restauración dos inmobles eclesiásticos, que modificou o Anexo de Intervencións establecido, sumando dúas novas intervencións ao mesmo.

A cláusula segunda do citado convenio establece que a relación de obras recollidas no anexo así como a relación de inmobles eclesiásticos que van ser obxecto das intervencións poden ser obxecto de modificación ao longo do período de vixencia do convenio, incorporando novos edificios, bens e intervencións ou retirando os xa incorporados nos que non sexa posible chegar a formalizar a contratación das obras. Estas variacións do listado incluído no Anexo de Intervencións serán recollidas en sucesivas addendas ao convenio que teñan por obxecto a actualización da lista de intervencións previstas ao abeiro do convenio.

Tendo en conta as dispoñibilidades económicas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a consellería prevé incorporar unha nova actuación nun inmovle correspondente á Diocese de Santiago de Compostela, polo que é preciso modificar de novo o Anexo de Intervencións vixente no convenio, en virtude da addenda asinada o 16.06.2025.

Con tal motivo esta consellería e a Diocese de Santiago de Compostela asinarán unha segunda addenda ao convenio para incorporar a seguinte actuación ao Anexo de Intervencións vixente: Igrexa de santa María do Porto (igreja vella), Marín, (Pontevedra). O resto das cláusulas do convenio permanecerán invariables e manterán vixencia plena.

Santiago de Compostela,
O director xeral do Patrimonio Cultural
Ángel Miramontes Carballada

